

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 1 de xullo de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día un de xullo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(634).- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DE EXACCIÓNS UNIFICADAS DE INDUSTRIAIS DO ANO 2016 (TAXA LIXO INDUSTRIAL E MERCIAL E TAS POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVA ESPECIAL DE APARCADOIRO). EXPTE. 48848/516.

Dáse conta do informe-proposta do 20/06/16 do técnico medio dos Servizos Económicos, conformado pola directora de Ingresos:

"O Padrón fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais inclúe os conceptos tributarios de Taxa de Lixo Comercial, Taxa de Entrada de Vehículos a través de beirarrúas e/ou terreos de uso público municipal e Taxa por Reserva especial para aparcamento en determinadas actividades. Sobre o documento padrón do exercicio 2015, elabórase o presente padrón fiscal do ano 2016 incluíndo as seguintes variacións:

- Declaracións de alta formuladas polos suxeitos pasivos a través de solicitudes de licencias de Actividades e Instalacións e comunicacións previas.
- Comunicacións de cambios de titularidade de actividades.
- Declaracións de baixa de actividades.
- Recursos de reposición formulados contra recibos e liquidacións do ano 2015 e anteriores.
- Rectificacións, de oficio, de datos relativos a locais, actividades e suxeitos pasivos obtidos a través de informes realizados pola Inspección de Tributos así como pola Base de datos de contribuíntes.
- Inclusión de novos contribuíntes a partir de información extraída da Matricula do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Actuacións extensivas de carácter inspector conforme aos plans de control tributario para os anos 2015 e 2016.

A comparación de número de inscricións deste Padrón Fiscal entre, 2013, 2014, 2015 e 2016 arroxa os seguintes datos:

2013	% INC	2014	% INC	2015	% INC	2016
22.048(*)	0,37%	22.130 (*)	1,36%	22.432 (*)	0,95%	22.646(*)

(*) O número de locais inclúe tanto aqueles nos que se realiza actividade económica como aqueles que están sen actividade e "tributan unha cota mínima de dispoñibilidade do servizo en contía igual á tarifa de vivenda" conforme establece o artigo 1.2 da Ordenanza Fiscal.

A comparación dos importes totais dos exercicios mencionados arroxa os seguintes resultados:

CONCEPTO	2013	%INC	2014	%INC	2015	%INC	2016
TOTAL	6.795.904,98 €	-3,51%	6.557.576,48 €	-1,47%	6.461.422,69 €	0,80%	6.513.280,42 €
RECOLLIDA DO LIXO	0,00 €	-4,05%	5.031.352,98 €	-1,49%	4.956.589,20 €	0,82%	4.997.170,85 €
ENTRADA VEHÍCULOS	1.514.175,53 €	-1,51%	1.491.222,80 €	-1,43%	1.469.832,79 €	1,12%	1.486.330,07 €
RESERVA APARCAMENTO	37.768,50 €	-7,33%	35.000,70 €	0%	35.000,70 €	-14,92%	29.779,50 €

Á vista do anterior, PROPONSE A CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA, en virtude de decreto de alcaldía de 19 de xuño de 2015 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1.- Aprobar o Padrón Fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2016 (taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva especial de aparcamento) por importe total de 6.513.280,42 Euros (SEIS MILLÓNS CINCOCENTOS TRECE MIL DOUSCENTOS OITENTA CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS), segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 56986 que figura a nome de

1001CUPCAKES VIGO C.B. polo establecemento sito en AV. CASTRELOS Nº166 BX-IZ e remata coa inscrición nº 10207 que figura a nome de ZUÑIGA Y VIDAL SL polo local sito en R/ PALMA nº 7 BX, cun total de 22.646 recibos e correspondendo a:

- Taxa de lixo comercial	4.997.170,85.- Euros
- Entrada vehículos	1.486.330,07. - Euros
- Reservas aparcamento	29.779,50.- Euros

2.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza Fiscal Xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.”

O concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda Resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

2(635).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DE COTAS DE GASTOS DE COMUNIDADE, “VIVENDA DE PROTECCIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO I”-Nº E-638-C-6. EXPTE. 7184/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/06/16 e o informe de fiscalización do 23/06/16, dáse conta do informe-proposta do 15/06/16, da xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Na sesión de data 05/05/2008 a Xunta de Goberno Local acordou a aceptación da cesión realizada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo de tres vivendas destinadas ao colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero, que xestiona desde entón a Concellería de Igualdade.

En data 17/03/2015 o Departamento municipal de Patrimonio traslada a este órgano xestor instrucións para que a partir desa data a Concellería de Igualdade realice a tramitación do pago das cuotas de comunidade das tres vivendas que integran a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Con respecto á vivenda municipal identificada pola Xunta de Galicia como centro de servizos sociais denominado “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero I” co núm. E- 638-C-6, este servizo tramitou no exercicio 2015, o abono das débedas correspondentes ás cuotas ordinarias da comunidade no período comprendido entre o mes de xullo ata o mes de novembro de 2015 (ambos incluídos), e 5 cuotas da derrama da fachada correspondentes ao período comprendido entre o mes de xullo e novembro de 2015 (ambos incluídos).

Mediante escrito de data 14/06/2016 a comunidade de propietarios/as comunica que a débeda que ata esa data mantén o Concello de Vigo ascende a 490,75 €, desglosada do seguinte xeito:

- cuotas ordinarias da comunidade no período comprendido entre o mes de decembro de 2015 e o mes de maio de 2016; 6 mensualidades a razón de 47,53€/mes. Total: 285,18€.
- cuotas correspondentes á derrama de fachada no período comprendido entre o mes de decembro de 2015 ao mes de maio de 2016; 6 mensualidades a razón de 26,34€/mes. Total: 158,04€.
- cuota correspondente á derrama de ascensores do mes de decembro de 2015; 1 recibo a razón de 47,53€.

Incorpórase ao expediente a escritura de cesión da propiedade, actas da comunidade de propietarios/as, escrito da comunidade e maillo oficio enviado polo Departamento de Patrimonio a este servizo.

Polo exposto, e previo informe Xurídico e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Aboar á comunidade de propietarios/as da vivenda identificada como centro de servizos sociais denominada “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero I” co núm. E-638-C-6, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello a cantidade de 490,75€, polo período que abrangue entre decembro de 2015 a maio de 2016, ambos incluídos, con cargo á partida “mantemento comunidades” 9200 2120005 do orzamento vixente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(636).- CONTAS XUSTIFICATIVAS DE LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR. EXPTE. 102591/140.

A Xunta de Goberno Local queda informada das contas xustificativas dos libramentos a xustificar remitidas pola Concellería de Orzamentos e Facenda con data 21/06/16.

4(637).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA ADQUISICIÓN DE BANCOS PARA REPOSICIÓN DE MOBILIARIO URBANO EN RÚAS E ZONAS VERDES. EXPTE. 8857/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 07/06/16 e o informe de fiscalización do 15/06/16, dáse conta do informe-proposta do 08/06/16, do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- mediante Resolución de 15 de marzo de 2016 o concelleiro delegado de Parques e Xardíns Distritos, Comercio e Participación Cidadá, acordou iniciar o procedemento de contratación de subministro de bancos para beirarrúas e áreas verdes

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 14 de abril de 2016.
- Resolución do concelleiro de Parques e Xardíns, Distritos, Comercio e Participación Cidadá do 15 de marzo de 2016 para o inicio do procedemento de contratación.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo xefe de Montes, Parques e Xardíns o 7 de abril de 2016 e o concelleiro de Parques e Xardíns, Participación Cidadá, Distritos e Comercio o 11 de abril de 2016.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 9 de maio de 2016 polo xefe de Montes, Parques e Xardíns.
- Informe asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 9 de maio de 2016 sobre incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas asinado o 27 de maio de 2016 pola xefa do Servizo de Contratación.
- Informe xurídico asinado pola Xefa de Asesoramento e pola Letrada Titular da Asesoría Xurídica Municipal o 27/05/2016
- Informe proposta asinado polo Xefe de Área de Servizos en data 30/05/16
- Novo prego de cláusulas administrativas asinado o 6 de xuño de 2016 pola xefa do Servizo de Contratación por modificación da aplicación presupostaria.
- Dilixencia asinada en data 7 de xuño de 2016 pola xefa do Servizo de Contratación dando conta da modificación do prego de cláusulas administrativas
- Informe xurídico asinado pola letrada xefa de Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal o 7/06/2016,

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 b) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local.

A vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, propónse a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar o gasto de 75.000 euros para o procedemento de contratación do subministro de bancos. O orzamento total imputarase a partida 1710.609.00.00 “adquisición de mobiliario urbano”.

2º Aprobar o expediente de contratación por Procedemento Aberto do subministro de bancos que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 9 de maio de 2016 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 6 de xuño de 2016.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(638).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN “ANHIDA”, PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 7350/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 03/06/16 e o informe de fiscalización do 14/06/16, dáse conta do informe-proposta do 21/06/16, do xefe do servizo de Participación Cidadá, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 14/04/2016, D. Ricardo García Díaz, en calidade de presidente da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA” (CIF: G-36938272), achegou escrito có número 160047793, solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2016, en concreto, para as levadas a cabo entre o 01/01/16 e o 31/10/16.

Segundo certificación expedida pola secretaria da entidade con data 20/05/2016 e segundo o art. 22.2º dos Estatutos da asociación, a facultade para “representar legalmente á Asociación ante calquera organismo público ou privado”, correspóndelle ao presidente.

Con data de 03/06/2016, o secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de convenio.

Asemade, o expediente foi fiscalizado favorablemente polo servizo de Intervención con data 14/06/2016 coa observación que é obrigatorio o rexistro da convocatoria na BDNS, ademais da publicidade das subvencións concedidas, así coma tamén é obrigatoria a publicación no Portal de Transparencia por imperativo da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Por último, o técnico que subscribe da traslado, para o seu coñecemento, das conclusións expostas polo servizo de Intervención no seu informe, en relación co carácter excepcional desta forma de concesión de subvención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais

no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

Ano 2015: Expte. Núm. 7157/320

Ano 2014: Expte. Núm. 6578/320

Ano 2013: Expte. Núm. 6074/320

Ano 2012: Expte. Núm. 5784/320

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvención públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar das subvencións do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa

competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

O artigo 22.2.c) da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adiante), posibilita a concesión directa daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Neste caso, tratase de fomentar a salvagarda dos dereitos dos nenos con hiperactividade e déficit de atención, a mellora da súa calidade de vida e integración na sociedade, organizando e realizando toda clase de actividades educativas, asistenciais, formativas... que garanten a atención especializada que requiren.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2016) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 09/12/2015, inclúe expresamente a partida 9240 4800002 “Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención - ANHIDA”, cunha dotación de 4.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Consultado os arquivos da Oficina de Participación Cidadá, consta que a beneficiaria da subvención, a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 889/04, segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de “que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...”, “... que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública” e que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas pola entidade para o para o período do 01/01/16 ó 31/10/16, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

Segundo recolle o art. 5 dos Estatutos da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.*
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.*
- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.*
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.*
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.*
- ✓ Fomentar o estudo da hiperactividade e de déficit de atención.*
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.*
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.*
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.*
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal, a partida presupostaria nº 9240 4800002, denominada "Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención - ANHIDA", dotada con 4.000 €.

DOCUMENTACIÓN

A Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", segundo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- 1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:*
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 11/03/16*
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 11/03/16*
 - Seguridade Social, de data 11/03/16*
 - Concello de Vigo, de data 26/04/16*

2. Declaración responsable da presidenta da entidade, de data 11/04/16, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
2. Declaración responsable e autorización (anexo II).
3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).
4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
5. Contrato de aluguer do local social (só no suposto de locais alugados).
6. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.

7. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2016, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro (ámbolos dous incluídos). O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL (xaneiro-outubro 2016)	
Aluguer local social	15.000,00 €
Electricidade	1.250,00 €
Auga	250,00 €
TOTAL	16.500,00 €

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo

as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

Por este motivo, no momento da solicitude de anticipo, a beneficiaria deberá achegar declaración responsable, de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias deste precepto.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio despreza a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2016, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/01/16 e o 31/10/16, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 2 de novembro de 2016.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 38.4 da Lei 30/92, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na

normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES97 0049 5393 1527 16026134 (SANTANDER), segundo código de conta cliente de data 17/03/2016, emitido pola entidade bancaria.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto anteriormente, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR o gasto por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4800002, denominada "Convenio Asociación de de Niños con Hiperactividad y/o Déficit de Atención ANHIDA", incluída no vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" (CIF.- G-36938272),

cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o período comprendido entre xaneiro e outubro de 2016, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 4.000 € (mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN "ANHIDA", PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, REALIZADAS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO DE 2016, MEDIANTE A AXUDA NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Ricardo García Díaz, con DNI 36073842-K, en calidade de Presidente da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" (CIF: G-36938272), con domicilio social na Rúa Antón Beiras, 8, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7350/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo reconece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio á atención e integración social, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, educativos, formativos, así como, a información, promoción e organización de accións encamiñadas orientadas á defensa dos dereitos das persoas con necesidades especiais, sendo a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.*
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.*
- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.*
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.*
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.*
- ✓ Fomentar o estudio da hiperactividade e de déficit de atención.*
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.*
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.*
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.*
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 889/04.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2016, segundo memoria achegada, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2016,

que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do local social necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.-Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4800002, denominada "Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", nominativa con una partida orzamentaria de 4.000,00 €.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" para o 2016, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Terapia psicolóxica
- Terapia Psicopedagóxica
- Clases de apoio
- Charlas en colexios
- Terapia para pais

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade realizadas entre xaneiro e outubro de 2016, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o seu desenvolvemento, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL (xaneiro-outubro 2016)	
Aluguer local social	15.000,00 €
Electricidade	1.250,00 €
Auga	250,00 €
TOTAL	16.500,00 €

IX.- Que a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" non incorra en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" comprométese a colaborar coa concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.

2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, a balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" unha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800002, denominada "Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" ", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades entre o 01/01/16 e o 31/10/16, en definitiva, para o seu fomento.

2. Respectar a estrutura organizativa da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

3. Colaborar na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. *Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

3. *Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*

4. *Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incurrir en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2016(01/01/16-31/10/16).

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2016.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación rubefaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas*

físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada,

mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES97 0049 5393 1527 16026134(SANTANDER)

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2016, no período comprendido entre o 01/01/16 e o 31/10/16.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo

Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2016, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2016.

Polo Concello de Vigo:
O Alcalde,

Abel Caballero Álvarez

Pola Asociación de Niños con
Hiperactividad y Déficit de Atención
"ANHIDA":
O presidente,
Ricardo García Díaz

6(639).- PROPOSTA DE CESIÓN DE PARCELA A FAVOR DA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL DESTINADA AO CENTRO DE SAÚDE "PINTOR COLMEIRO". SEGREGACIÓNS E AGRUPACIÓN. EXPTE. 2193/244.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 20/06/16, do xefe do servizo de Patrimonio, conformado pola xefa da área de Xestión Patrimonial e Territorial e polo concelleiro-delegado de área:

Normativa de aplicación.

- Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).
- Lei Hipotecaria de 8 de febreiro de 1946 (LH).

- *Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).*

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno Municipal, na súa sesión do 8 de novembro de 1988, acordou desafectar, do seu carácter de ben de dominio público, unha parcela de 522 m², constituída por terreo a segregar dos pertencentes á zona do Hospital Municipal e por camiño de Pousa (a extinguir). Así mesmo acordou ceder a indicada parcela, con arranxo aos requisitos establecidos no Regulamento de Bens das entidades Locais, á Tesorería Xeral da Seguridade Social para a construción dun centro de Atención Primaria de Saúde.

Sometido o expediente a información pública, non formularonse reclamacións, no prazo otorgado, ó acordo de desafectación e cesión da parcela á Tesorería Xeral da Seguridade Social, como así consta na certificación do Secretario Xeral do concello de data 15.5.1989, resultando conseguintemente dito acordo plenario aprobado definitivamente, consonte co previsto no seu apartado terceiro.

A cesión acordada non formalizouse, constando no expediente a solicitude do ano 1990 do turno de notario para o otorgamento da correspondente escritura pública.

Segundo.- A Tesorería Xeral da Seguridade Social manifestou, no pasado ano, a necesidade de proceder á regularización da situación xurídica da parcela, interesando ó efecto a súa segregación da finca rexistral correspondente para súa unión ó expediente e poder acadala na propia escritura de aceptación da cesión.

Terceiro.- Polo Topógrafo municipal emítese informe o 6/06/2016 en relación ás parcelas afectadas polo devandito acordo de desafectación e cesión a favor da TXSS, sinalando o seguinte:

“Coa data do 08/11/1988 o Pleno do Concello acordara, no Apartado Primeiro do punto 15 da Orde do Día sobre “DESAFECTACIÓN E CESIÓN DE PARCELA EN ZONA DE HOSPITAL MUNICIPAL PARA INSTALACIÓN DUN CENTRO DE ATENCIÓN PRIMARIA DE SAUDE”, “Desafectar do seu carácter de ben de dominio público unha parcela de 522m², constituída por terreo a segregar dos pertencentes á zona do Hospital Municipal e por camiño de Pousa (a extinguir)”

Coa fin de proceder á inscrición rexistral da parcela desafectada, na que se ubica o edificio do Centro de Saude “Pintor Colmeiro”, foi necesario efectuar as segregacións (1A) e (2A) dos terreos pertencentes na súa orixe á matriz, finca rexistral nº 6162 (1), e ao Camiño Pousa (2), que tras a súa agrupación formaron a finca resultante (3) e, despois da construción do Centro de Saúde “Pintor Colmeiro”, quedou coma resto actualizado da finca matriz a parcela rexistral nº 6162 (4)

DESCRIPCIÓN DAS FINCAS

(1) Finca Matriz, parcela rexistral nº 6162

Figura coma titular o Concello de Vigo, atópase inscrita no tomo 8, folios 4 e 5, finca 6162 do Rexistro da Propiedade Nº 5 a finca coas características que se describen:

Propietario: Ayuntamiento de Vigo

Situación: Finca "Barrio de Regueiro", hoxe sita na Avda. das Camelias nº 109

Referencia catastral: 2550002NG2725S0001LX e 2550003NG2725S0001TX

Superficie: 20.028,80 m²

Lindeiros:

N – Con camino o calle que del barrio del Regueiro conduce a la carretera que de Vigo va a Bayona y separa esta finca de otra de don Benito Corbal, hoxe Rúa Ourense

S e O – Camino público que conduce a esta ciudad desde la parroquia de Castrelos; hoxe Camiño Pousa

L – Camino público del Regueiro; hoxe Camiño do Regueiro

(1A) Segregación do terreo de 358,00 m² destinado ao Centro de Saúde "Pintor Colmeiro"

O terreo que se segrega sitúase na esquina Sur- Leste da finca matriz e cuxa descrición é a seguinte:

Propietario: Concello de Vigo (hoxe "Tesorería General de la Seguridad Social")

Situación: Rúa Pintor Colmeiro nº 11

Calificación Urbanística: S. U., Ordenanza 4.5 Equipamento - Outras Institucións

Referencia Catastral: 2550003NG2725S0001TX – parcial

Superficie: 358,00 m²

Lindeiros:

N e O – Máis da finca matriz parcela Rexistral nº 6162 (1) da que se segrega

S e L – Parcela a segregar (2A) ubicada no Camiño Pousa (2) e que se describe máis adiante.

(1B) Resto da finca matriz, parcela rexistral nº 6162, tras a segregación da parcela (1A)

Propietario: Concello de Vigo

Situación: Avda. das Camelias nº 109

Referencial Catastral: 2550002NG27250001LX e 2550003NG27250001TX

Superficie: 19.670,80 m²

Lindeiros:

N - Con camino o calle que del barrio del Regueiro conduce a la carretera que de Vigo va a Bayona y separa esta finca de otra de don Benito Corbal; hoxe Rúa Ourense

S - Camino público que conduce a esta ciudad desde la parroquia de Castrelos; hoxe Camiño Pousa e parcela (1A) segregada para o Centro de Saúde "Pintor Colmeiro"

L - Camino público del Regueiro; hoxe Camiño do Regueiro, resto a extinguir do Camiño Pousa no que se ubica a parcela (2A) a segregar para o Centro de Saúde "Pintor Colmeiro" e parcela (1A) segregada da finca matriz parcela rexistral nº 6162

O - Camino público que conduce a esta ciudad desde la parroquia de Castrelos; hoxe Camiño Pousa e Avda. das Camelias pola que ten a súa entrada

(2) Conforme ao acordo do Pleno do Concello de data 08/11/1988, referido nos antecedentes neste informe, a superficie a desafectar e segregar do Camiño Pousa (a extinguir) foi de 164,00 m², no seu tramo intermedio, colindante coa Rua Pintor Colmeiro, e coas características seguintes:

(2A) Segregación do terreo de 164,00m² no Camiño Pousa para o Centro de Saúde "Pintor Colmeiro"

Denominación: Camiño Pousa- Vigo
Ref. Catastral: 255000NG272550001TX parcial
Superficie: 164,00 m²

Lindeiros :

N - Terreo de 358,00 m² a segregar da finca rexistral nº 6162 e sobrante do tramo norte do Camiño Pousa (a extinguir) que remata no Camiño do Regueiro

S - Rúa Pintor Colmeiro

L – Concello de Vigo

O – Tramo restante do Camiño Pousa

AGRUPACIÓN E CESIÓN DOS TERREOS PARA O CENTRO DE SAUDE "PINTOR COLMEIRO"

(3) Agrupación dos terreos segregados 1A e 2A para o Centro de Saude "Pintor Colmeiro"

Coa fin de ceder a parcela resultante á Tesorería Xeral da Seguridade Social para a construción dun edificio para o Centro de Saúde "Pintor Colmeiro", faise necesario agrupar os terreos segregados de 358,00m² (1A) e o de 164,00m² (2A), resultando da agrupación unha parcela coas seguintes características:

Propietario: Concello de Vigo
Situación: Rúa Pintor Colmeiro núm. 11 de Vigo
Calificación Urbanística: S.U., Ordenanza 4.5 Equipamento – Outras Institucións
Referencia Catastral: 2550003NG2725S0001TX parcial
Superficie: 522,00 m²

Lindeiros:

N - Finca matriz rexistral nº 6162; hoxe finca nº 109 da Avda. das Camelias na que se ubica o complexo hospitalario "Hospital Nicolás Peña"

S- Rúa Pintor Colmeiro

L- Concello de Vigo, parcela municipal nº 3997 e sobrante do camiño Pousa extinguido que dende o Camiño do Regueiro remata contra o Centro de Saúde "Pintor Colmeiro"

O- Concello de Vigo, parcela municipal nº 274 na que se ubica o edificio da Unidade de Asistencia á Drogodependencia (C.E.D.R.O.) e finca matriz rexistral nº 6162, hoxe finca nº 109 da Avda. das Camelias na que se ubica o complexo hospitalario "Hospital Nicolás Peña"

As coordenadas que definen os seus vértices en coordenadas UTM (Datum ETRS89) son:

	X	Y
V - 1	522463,98	4674759,89
V - 2	522451,12	4674764,03
V - 3	522433,42	4674760,03
V - 4	522438,91	4674735,21
V - 5	522459,23	4674743,18

O Concello de Vigo, por acordo do referido Pleno do 08/11/1988 cede á Tesorería General de la Seguridad Social a parcela (3) de 522,00m²

(4) Resto ACTUALIZADO da finca matriz parcela rexistral nº 6162

Na actualidade o resto da finca matriz parcela rexistral nº 6162 atópase integrada pola parcela nº 66 do Inventario Municipal de Bens Inmóbles correspondente ás Pistas Deportivas do Colexio Doutor Fleming, os terreos do complexo hospitalario "Hospital Nicolás Peña" da Xunta de Galicia, co seu acceso pola Avda. das Camelias nº 109 e unha porción de terreo correspondente á Prazoleta do Camiño do Regueiro e conta coas seguintes características:

Propietario: Concello de Vigo

Situación: Finca delimitada polo Camiño Pousa, a Avda. das Camelias, a Rúa Ourense e o Camiño do Regueiro na que se ubican as Pistas Deportivas do Colexio Doutor Fleming con acceso a través do edificio nº 107 da Avda. das Camelias e a través da Rúa Ourense e os terreos do complexo hospitalario "Hospital Nicolás Peña" co acceso a través da Avda. das Camelias nº 109 e nº 2A do Camiño do Regueiro

Referencia catastral: 2550002NG2725S0001LX e 2550003NG2725S0001TX

Superficie: 19670,80 m²

Lindeiros:

N – Edificio nº 107 da Avda. das Camelias e a Rúa Ourense

S - Tramo do Camiño Pousa que comunica a Avda. das Camelias coa Rúa Pintor Colmeiro, a parcela municipal nº 274 na que se ubica o edificio da Unidade de Asistencia á Drogodependencia (C.E.D.R.O.) e sobrante do Camiño Pousa que dende o Camiño do Regueiro remata contra o edificio do Centro de Saúde "Pintor Colmeiro"

L - Camiño do Regueiro e resto do Camiño Pousa a extinguir que dende o Camiño do Regueiro remata contra o edificio do Centro de Saúde "Pintor Colmeiro"

O - Comunidade de PropietariNo expediente de cesión tramitado, si ben consta a situación, superficie e deslinde da parcela, sinalandose no propio acordo de cesión que é resultando dun terreo a segregar dos pertencentes á zona do Hospital Municipal e do camiño de Pousa, non se identifica á superficie a segregar de cada unha delas e de cuia agrupación resulta dita parcela.os nº 107 da Avda das Camelias; Avda. das Camelias e tramo do Camiño Pousa que comunica a dita avenida coa Rúa Pintor Colmeiro.

Achéganse planos a escala 1/500 e documentación."

Cuarto.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo do Pleno ó 4 de maio de 1993, figura reseñada dita parcela de baixa por cesión do 8/11/88, no seu epígrafe I Bens Inmóbles e co nº de propiedade 275. Constando pola contra de alta no seu Epígrafe VIII, Revertibles co nº 272, como parcela de 522 m2 no Hospital Provincial, sita na rua Pintor Colmeiro s/n, polo mesmo título de cesión, e data de inicio o 8/11/1988.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro.- No presente caso, plantexouse pola Tesorería Xeral da Seguridade Social a necesidade de regularizar a situación xurídica da parcela de 522 m2 cuia cesión foi acordada polo Pleno Municipal o 8/11/1998, e que atopase pendente de aceptación pola cesionaria e formalización en escritura pública, requirindo a súa previa segregación da finca matriz de procedencia.

Co fin de acadar dita regularización e tendo en conta que o acordo plenario limítase a sinalar que desafectase e cedese unha parcela de 522 m2 constituída por terreo a segregar dos pertencentes á zona do Hospital Municipal e por camiño de Pousa (a extinguir), sin concretar as operacións previas de segregación e agrupación necesarias para constituir a parcela de cesión, solicitouse dos servizos técnicos informe no que se identifique as correspondentes superficies afectadas polo devandito acordo.

Neste senso, o topógrafo municipal no seu informe do 6/6/2016 reflectido nos antecedentes, determina a superficie a segregar de cada unha das parcelas afectadas e que, trala súa agrupación, conforman a de 522 m2 obxeto da desafectación e cesión aprobada, propoñendo ó respecto a segregación dunha superficie de 358 m2 da finca nº 6162 (terreo de 20.028 m2 correspondente ao antigo Hospital Municipal) inscrita no Rexistro da Propiedade número 5 de Vigo da que o Concello de Vigo figura como titular rexistral; e no camiño Pousa, de titularidade municipal, no seu tramo intermedio, colindante coa Rúa Pintor Colmeiro, a superficie de 168 m2 afectados polo acordo adoptado.

Segundo.- A Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, seguindo o xa disposto no TRLRRL ou na LALG, establece o deber de todas as Administracións de inscribir nos correspondentes Rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio, xa sexan demaniais ou patrimoniais, que sexan susceptibles de inscrición, como os actos e contratos referidos a eles que poidan ter acceso ao rexistro.(art. 36.1 LPAP).

Por outra banda dispoñe que a inscrición no rexistro da propiedade practicarase de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP. A LPAP preve que as operacións de agrupación, división, agregación e segregación de fincas e demais sinaladas no art. 206 da LH practicarase mediante traslado da disposición administrativa en cuxa virtude se verifique, ou mediante a certificación prevista en dito artigo, sempre que non afecte a terceiros. (art. 37.1 e 2 LPAP).

Terceiro.- A teor do exposto procede levar a cabo as operacións de segregación e agrupación referidas anteriormente, consonte co informe técnico emitido, como trámite previo a aceptación pola cesionaria (TXSS) da cesión acordada e sua formalización en escritura pública.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- A) SEGREGAR da finca rexistral nº 6162, dacordo co informe do topografo municipal de 6/06/2016, a seguinte finca dunha superficie de 358,00 m2 destinado ao Centro de Saúde “Pintor Colmeiro”:

O terreo que se segrega sitúase na esquina Sur- Leste da finca matriz e cuxa descrición é a seguinte:

Propietario: Concello de Vigo
Situación: Rúa Pintor Colmeiro nº 11
Referencia Catastral: 2550003NG2725S0001TX – parcial
Superficie: 358,00 m2

Lindeiros:

Norte e Oeste – Máis da finca matriz parcela Rexistral nº 6162 (1) da que se segrega

Sur e Leste – Parcela a segregar (2A) ubicada no Camiño Pousa (2) e que se describe máis adiante.

B) Trala segregación acordada a finca matriz resultante (parcela rexistral nº 6162) descríbese, do seguinte xeito:

Propietario: Concello de Vigo
Situación: Avda. das Camelias nº 109
Referencial Catastral: 2550002NG27250001LX e 2550003NG27250001TX
Superficie: 19.670,80 m2

Lindeiros:

Norte - Con camino o calle que del barrio del Regueiro conduce a la carretera que de Vigova a Bayona y separa esta finca de otra de don Benito Corbal; hoxe Rúa Ourense

Sur - Camino público que conduce a esta ciudad desde la parroquia de Castrelos; hoxe Camiño Pousa e parcela (1A) segregada para o Centro de Saúde “Pintor Colmeiro”

Leste- Camino público del Regueiro; hoxe Camiño do Regueiro, resto a extinguir do Camiño Pousa no que se ubica a parcela (2A) a segregar para o Centro de Saúde “Pintor Colmeiro” e parcela (1A) segregada da finca matriz parcela rexistral nº 6162

Oeste - Camino público que conduce a esta ciudad desde la parroquia de Castrelos; hoxe Camiño Pousa e Avda. das Camelias pola que ten a súa entrada

SEGUNDO.- SEGREGAR do Camiño Pousa, no seu tramo intermedio colindante coa Rua Pintor Colmeiro, dacordo co informe do topografo municipal de 6/06/2016, o seguinte terreo de 164 m2 de superficie destinado ao Centro de Saúde "Pintor Colmeiro":

*Propietario: Concello de Vigo
Denominación: Camiño Pousa- Vigo
Ref. Catastral: 255000NG272550001TX parcial
Superficie: 164,00 m2*

Lindeiros :

Norte- Terreo de 358,00 m2 a segregar da finca rexistral nº 6162 e sobrante do tramo norte do Camiño Pousa (a extinguir) que remata no Camiño do Regueiro

Sur - Rúa Pintor Colmeiro

Leste – Concello de Vigo

Oeste – Tramo restante do Camiño Pousa ,:

TERCEIRO.- AGRUPAR a parcela segregada de 358 m2 e o terreo de 164 m2, anteriormente descritos, nunha única parcela de 522 m2 de superficie para Centro de Saúde "Pintor Colmeiro", dacordo co informe do topografo municipal de 6/06/2016 e plano anexo, coa seguinte descripción:

*Propietario: Concello de Vigo
Situación: Rúa Pintor Colmeiro núm. 11 de Vigo
Calificación Urbanística: S.U., Ordenanza 4.5 Equipamento – Outras Instituciones
Referencia Catastral: 2550003NG2725S0001TX parcial
Superficie: 522,00 m2*

Lindeiros:

Norte - Finca matriz rexistral nº 6162; hoxe finca nº 109 da Avda. das Camelias na que se ubica o complexo hospitalario "Hospital Nicolás Peña"

Sur- Rúa Pintor Colmeiro

Leste- Concello de Vigo, parcela municipal nº 3997 e sobrante do camiño Pousa extinguido que dende o Camiño do Regueiro remata contra o Centro de Saúde "Pintor Colmeiro"

Oeste- Concello de Vigo, parcela municipal nº 274 na que se ubica o edificio da Unidade de Asistencia á Drogodependencia (C.E.D.R.O.) e finca matriz rexistral nº 6162, hoxe finca nº109 da Avda. das Camelias na que se ubica o complexo hospitalario "Hospital Nicolás Peña"

As coordenadas que definen os seus vértices en coordenadas UTM (Datum ETRS89) son:

	X	Y
V - 1	522463,98	4674759,89
V - 2	522451,12	4674764,03

V - 3	522433,42	4674760,03
V - 4	522438,91	4674735,21
V - 5	522459,23	4674743,18

CUARTO.- Ratificar o acordo do Pleno municipal de data 8/11/1998 de cesión, a favor da Tesorería Xeral da Seguridade Social, da parcela de 522 m2 sinalada no apartado anterior, para Centro de Atención Primaria de Saúde.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo a Tesorería Xeral da Seguridade Social interesando a formalización en escritura pública do acordo de cesión, e o Rexistro da Propiedade."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(640).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE TAELO, S.COOP., POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS PARA OS CORPOS DA POLICÍA LOCAL E PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS. ABRIL-MAIO 2016. EXPTE. 49006/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/06/16, dáse conta do informe-proposta do 11/06/16, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo intendente da Policía Local que polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A mercantil TAELO S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 presenta a través da plataforma FACE:

1.Factura de data 09/05/2016, nº. TR80045/16 por importe de 7.643,90 € (IVE incluído) polo concepto de "infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións, período abril de 2016", expte. 49005/212.

2.Factura de data 01/06/2016, nº TR80054/16, por importe de 7.643,90 € (IVE incluído) polo concepto de " infraestructura e mantemento da rede trunking de comunicacións, correspondente ao mes de maio de 2016.", expte. 49004/212.

Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar "expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 por importe total de 15.287,79 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios, correspondente ao período de abril e maio de 2016, segundo facturas Nº. TR80045/16 e Nº TR80054/16, por importe de 15.287,79 €, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo".

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A factura trae causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non comenza a prestación efectiva do servizo de comunicacións a través da rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia, prevista en principio para finais do 2014 ou principios do 2015 e que, finalmente, vai retrasar o comezo operativo ata o primeiro semestre de 2016.

Segundo se afirma na memoria, a rede de radiocomunicacións móbiles baseada na tecnoloxía estándar TETRA, promovida pola Xunta de Galicia en cumprimento do mandato contido na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestructuras de telecomunicacións de Galicia, ofrecerá servizos de comunicación de voz e datos aos organismos da Xunta relacionados coa seguridade e emerxencias e, a mesma, poderanse incorporar nas condicións e termos que reglamentariamente se determinen outras entidades públicas galegas con competencias neste ámbito; sendo ademáis esta tecnoloxía a recomendada pola UE para as comunicacións vinculadas á seguridade pública.

Certamente, as vantaxes que derivan da prestación pública do servizo e que se detallan na memoria, en canto reveladoras dunha maior idoneidade da calidade das comunicación para a prestación dos servizos de policía e prevención e extinción de incendios, e de unha maior economía do servizo para o Concello de Vigo, determinan e reclaman a opción inmediata polo servizo público de radiocomunicacións como a máis satisfactoria para o interese público.

En efecto, a Xunta de Goberno Local, na súa reunión do 25 de setembro de 2015, aprobou a adhesión do Concello de Vigo á rede antes referida, para os servizos de Policía, Bombeiros e Protección Civil, expte.: 44940/212, segundo o modelo de adhesión aprobado como anexo III, polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de 21 de maio de 2015.

Na actualidade xa foron suministrados os equipos e a empresa RETEGAL está ultimando a programación dos mesmos e comprobacións técnicas necesarias para o inminente comezo da prestación do servizo.

O contrato coa mercantil rematou o 31 de maio de 2014 e en tanto no se transita hacia o sistema público o Concello vai seguir precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e extinción de incendios.

Non en tanto a prestación durante este periodo de tránsito carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual. A forte inversión que require a infraestrutura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquer empresa distinta da última adxudicataria- TAELO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademáis a adxudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAELO, adxudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestrutura de comunicacións, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o periodo da

prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto. Por outra parte, dada a singular e ventaxosa situación na que se atopa a comercial non resulta vulnerado o principio de igualdade.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- As facturas responden aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

En canto ao importe das facturas (ambas as dúas de 7.643,90 €, ive engadido) (decembro 2015), responde a estimacions de mercado e as propias previsións do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de características do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorporouse tamén sendas declaracións do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demáis axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- O servizo de radiocomunicacións resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local e prevención e Extinción de Incendios; ambos servizos constitúen materias sobre as que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) e 26.1,c) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .

A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, levase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade; a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local; a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO:

•Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe total de 15.287,79 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios, correspondente ao período de abril e maio de 2016, segundo facturas Nº. TR80045/16 e Nº TR80054/16, respectivamente, de 7.643,90 € cada unha delas, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

•Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking) e o su nivel de vinculación xurídica.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(641).- PROCESO SELECTIVO DE TRES PRAZAS DE OFICIAL CONDUCTOR, PROMOCIÓN INTERNA, OEP 2012. EXPTE: 28217/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 20/06/16, da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"Mediante resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal de data 27/05/2016, relativo á listaxe de admitidos e excluídos do proceso selectivo, reflíctese coma excluído o único aspirante presentado – don Urbano Alves González – por non ser persoal laboral fixo ao servizo da Corporación equiparado ao grupo E de titulación segundo a Base III das específicas da convocatoria.

Non existindo candidatos que participen no presente proceso selectivo para a provisión en propiedade de tres prazas de Oficial condutor/a, pola quenda de promoción interna, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2012, o tribunal cualificador, na súa sesión do 02 de xuño de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Declarar desertas as tres prazas de oficial condutor/a reservadas para promoción interna na oferta de emprego público 2012 do Concello de Vigo, en réxime laboral e equiparadas ao subgrupo C2 para os efectos de titulación, e dar por concluído o proceso de selección iniciado para a súa provisión.

SEGUNDO: Publicar este acordo nos taboleiros de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 13/06/2016.

Xa que logo e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015, e da Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, pola presente elévase ao citado órgano colexiado, co conforme da xefa de Recursos Humanos e Formación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar desertas as tres prazas de oficial condutor/a reservadas para promoción interna na oferta de emprego público 2012 do Concello de Vigo, en réxime laboral e equiparadas ao subgrupo C2 para os efectos de titulación, e dar por concluído o proceso de selección iniciado para a súa provisión.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á Área de Servizos Xerais e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(642).- RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA Á XURISDICCIÓN LABORAL EN MATERIA DE DESPEDIMENTOS (TRABALLADORES APARCADOIRO PRAZA DE PORTUGAL). EXPTE- 27451/220.

Dáse conta do informe-proposta do 17/06/16, da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

"ANTECEDENTES

I. Con Rexistro de entrada de data 15/12/2015 don Otilio Aboy Rodríguez (DOC. 150161189), don Julio Aboy Rial (DOC. 150161191) e don Jaime Ferreira Pérez (DOC. 150161194), achegan escritos nos que indican que o pasado 27 de novembro a empresa INTERPARKING HISPANIA SA, na que viñan prestando servizos, comunicoulles que debido á perda de concesión para a explotación do aparcadoiro da Praza de Portugal e, por aplicación do art. 44 do Estatuto dos Traballadores pasan a ser traballadores do Concello de Vigo, que ten a obriga de subrogalos en todos os seus dereitos laborais e de Seguridade

Social. Afirma que tendo en conta que dende o 14 de decembro o aparcadoiro permanece pechado, solicita se lles indique o lugar e posto de traballo ao cal se deben incorporar.

II. Mediante oficio de data 01/02/2016 a xefa de servizo de Transportes achega as reclamacións previas en materia de despido formuladas por don Otilio Aboy Rodríguez (DOC. 160003602), don Julio Aboy Rial (DOC. 160003609) e don Jaime Ferreira Pérez (DOC. 160003599), na súa condición de traballadores da empresa INTERPARKING HISPANIA, SA, concesionaria do Parking de Praza de Portugal, que cesou a súa actividade o 14/12/2015. Xúntase tamén, a fotocopia da resolución do peche da actividade do parking de data 20/11/2015, a fotocopia da notificación de data 09/12/2015 dirixida ao representante da empresa e a fotocopia da acta de toma de posesión do aparcadoiro de data 14/12/2015.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL:

O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive– a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II. ALEGACIÓNS:

As reclamacións administrativas previas á vía xurisdiccional laboral en materia de despedimento formuladas por cada un dos referidos traballadores, alegan idénticos motivos, e solicitan, en síntese, ter por formuladas as reclamacións previas á vía xurisdiccional laboral formuladas, acordando recoñecer a nulidade ou subsidiariamente, a improcedencia do despedimento operado, debendo a empresa pola que estaban contratados ou o Concello de Vigo, proceder á readmisión dos traballadores no primeiro dos casos ou, subsidiariamente, optar entre a indemnización ou a readmisión, con todos os efectos que do recoñecemento da cualificación que se faga do despedimento procedan, tendo esgotada a vía administrativa previa.

III. SUCESIÓN EMPRESARIAL E SUBROGACIÓN DOS TRABALLADORES:

Das alegacións achegadas despréndese que a cuestión garda identidade coa reclamación interposta polos mesmos motivos polos traballadores do aparcadoiro da Porta do Sol contra a mesma empresa e contra o Concello de Vigo, sobre o que xa hai pronunciamento xudicial – sentenza desestimatoria de data 12/05/2016 ditada polo xulgado do Social nº 5 de Vigo, no procedemento DSP 891/2015.

A sentenza falla estimando parcialmente a demanda en materia de despido interposta polos traballadores contra a empresa INTERPARKING HISPANIA, S.A. e contra o CONCELLO DE VIGO, declarando a improcedencia do despido de data 30/11/2015, e previa absolución do

CONCELLO DE VIGO por falta de lexitimación pasiva ad causam, condena á empresa INTERPARKING HISPANIA, S.A. a que no prazo de cinco días desde a notificación da resolución opte entre readmitir aos traballadores nas mesmas condicións ou aboarlles en concepto de indemnización as cantidades determinadas polo xulgado, advertindo expresamente á empresa que de non efectuar a opción no prazo indicado, entenderase que opta pola readmisión debendo abonar os salarios posteriores á data da notificación da sentenza.

Xa que logo, cómpre analizar se a extinción da concesión administrativa e a reversión das instalacións do parking da Praza de Portugal, configuran un suposto da pretendida sucesión legal á luz do artigo 44 do Estatuto dos Traballadores (ET) e da Directiva 2011/13 do Consello do 12/03/2001, ou de subrogación convencional para o titular dese espazo público, en liña co manifestado pola empresa aos seus traballadores.

No presente caso e, segundo a doutrina reflectida na sentenza invocada, resulta que o parking público da Praza de Portugal foi promovido polo Concello de Vigo e xestionado ata a expiración da concesión administrativa por unha empresa.

O concello optou por pechar o parking, dando por caducado o vínculo administrativo concertado coa empresa en data 14/12/2015. A vontade do Concello foi a de ceder o réxime de explotación do parking mediante concesión administrativa, que actualmente está pendente de adxudicación da concesión.

En ningún caso se produciu unha xestión directa do servizo por parte do Concello de Vigo, de xeito que se tivese procedido a integrar aos efectivos no cadro de persoal municipal e proceder á provisión de ditos postos.

O contrario, isto é, proceder á subrogación, implicaría a vulneración dos principios de acceso ao emprego público contidos nos art. 55 e ss do TREBEP, o que non resulta posible.

Xa que logo, non pode sosterse a existencia de sucesión de empresas – tratándose de contratas administrativas – cando nin sequera se ten reanudado a prestación dese servizo de aparcadoiro; a sentenza de referencia, invoca o pronunciamento do Tribunal Supremo do 19/05/2015: (...) c) pero que mal puede sostenerse la existencia de sucesión de empresas – tratándose de contratas administrativas – cuando ni siquiera se han reanudado los servicios propios de la contrata, pues <<esta circunstancia como es lógico obsta -por principio y conforme a la jurisprudencia antes referida- que pueda mantenerse la existencia de sucesión empresarial alguna ex art. 44 ET >> que pueda imputarse a la Administración pública".

Así mesmo, resulta evidente que a garantía subrogatoria disciplinada en convenio en ningún caso estende a súa forza vinculante sobre o concello demandado, que non foi parte na negociación; a este respecto, a sentenza reflicte, no que atinxe á subrogación convencional, que "a).- (...) el convenio colectivo no puede contener cláusulas obligacionales que afecten a quienes no son parte en la negociación, ni en su contenido normativo cabe establecer condiciones de trabajo que hubieran de asumir empresas que no estuvieran incluidas en su ámbito de aplicación. Así se infiere del art. 82.3 ET , al disponer que los convenios colectivos regulados por su Título III obligan a todos los empresarios y trabajadores incluidos en su ámbito de aplicación, en el que sólo pueden estar comprendidos quienes, formal o institucionalmente, estuvieran representados por las partes intervinientes en la negociación del convenio (...)

A reacción da empresa demandada frónte ao peche do parking por remate da concesión administrativa foi a de expedir a baixa aos actores sen abono de ningunha clase de indemnización baixo o pretexto de que é obriga do Concello incorporalos ao seu cadro de

persoal como consecuencia da reversión do servizo e que en atención ao estado de uso e conservación das instalacións o concello estaba en condicións de facerse cargo de maneira inmediata da explotación do servizo. Porén, tal e como reflicte a sentenza invocada, as baixas dos traballadores están desprovistas de sostén legal ou contractual en que poder fundar as extincións dos contratos de traballo.

Cómpre lembrar, que o lexislador estatal, no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado "Medidas en relación coas empresas de servizos contratadas polas AAPP" (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o persoal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral, neste sentido, a sentenza di que: "(...) b).- Con mayor motivo se impoñe a solución cuando tales prescripcione además se oponen frontalmente a contundentes -e imperativas- previsións legais, como es la razonablemente establecida por el art. 301.4 LCSP [RD Legislativo 3/2011, de 14/Noviembre], para el que <<[a] la extinción de los contratos de servicios, no podrá deducirse en ningún caso la consolidación de las personas que hayan realizado los trabajos objeto del contrato como personal del ente, organismo o entidad del sector público contratante>>; (...) No hay que olvidar que la Ley ocupa en la jerarquía normativa una posición superior a la del Convenio Colectivo (...)".

Xa que logo, analizando a viabilidade desa sucesión empresarial dende a óptica legal do artigo 44 e da directiva comunitaria, non resulta procedente a reclamación administrativa dos traballadores de ser absorbidos polo Concello de Vigo, dado o seu nulo propósito a reemprender esa actividade de prestación de servizos cos seus propios recursos, senón a través do réxime indirecto de concesión administrativa. E nin a moción aprobada na sesión plenaria da Corporación Municipal pode entrañar a aceptación expresa dunha obriga de integrar aos traballadores do aparcadoiro no plantel do Concello - decisión que podería vulnerar o disposto na lexislación de contratos do sector público (LCSP)- nin o compromiso alcanzado no anexo do contrato menor de servizos concertado para o parking da Praza de Portugal desplega maior eficacia que para ese vínculo administrativo. O contrario, isto é, proceder á subrogación, implicaría a vulneración dos principios de acceso ao emprego público contidos nos art. 55 e ss do TREBEP, o que non resulta posible.

De acordo co anterior, a responsabilidade do cese dos demandantes haberá de ser asumida pola propia empresa, a cal debeu de acudir, no seu caso, á vía do despido obxectivo, pero non desembarazarse do persoal ao seu servizo ao albur dun inexistente deber de subrogación a cargo do Concello de Vigo.

IV.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO:

De conformidade coas competencias recollidas que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; e coa conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos da delegación competencial efectuada (Decreto da Excm. Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de datas 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar as reclamacións administrativas previas á xurisdición laboral en materia de despido formuladas por don Otilio Aboy Rodríguez (DOC. 160003602), don Julio Aboy Rial (DOC. 160003609) e don Jaime Ferreira Pérez (DOC. 160003599), na súa condición de traballadores da empresa INTERPARKING HISPANIA, SA, concesionaria do Parking de Praza de Portugal, que cesou a súa actividade o 14/12/2015, pola motivación contida no informe xurídico-proposta de resolución que antecede.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo aos reclamantes aos efectos oportunos, á empresa INTERPARKING, S.A., así como á Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), ao servizo de Transportes e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, indicando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso de reposición no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(643).- ABONO DO INCENTIVO Á XUBILACIÓN ANTICIPADA. EXPTE: 28261/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/06/16, dáse conta do informe-proposta do 14/06/16, da técnica medio de Relacións Laborais, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES.-

A regulación legal da xubilación ven recollida na Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do Sistema da Seguridade Social que efectuou unha modificación no relativo á xubilación anticipada, recollida no Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social, podendo os empregados municipais por vontade propia acceder á xubilación anticipada, sempre que reunan os requisitos legais necesarios para elo.

A Corporación municipal en sesión de 28 de decembro de 1998, aprobou o vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, onde no seu Capítulo IX Acción Social, no seu artigo 33 recollese este incentivo, que se transcribe literalmente:

“Artigo 33.- Incentivos á xubilación anticipada.

A xubilación producirase ós 65 anos de idade sen prexuízo de prórroga no servizo que autorice a lexislación vixente.

A xubilación voluntaria antes de cumprir-la dita idade, e sempre que legalmente sexa posible, dara lugar a unha indemnización polos seguintes importes:

Se se xubila ós 60 anos: 1.500.000.- ptas.

Se se xubila ós 61 anos: 1.300.000.- ptas.

Se se xubila ós 62 anos: 1.00.000.- ptas.

Se se xubila ós 63 anos: 800.000.- ptas.

Se se xubila ós 64 anos: 600.000.- ptas.”

Entre os anos 2014 e 2016, producíronse as xubilacións anticipadas de D. Francisco Domínguez Rodríguez, con DNI 35.980.321-H; D. José Estévez Seoane, con DNI 06.962.275-Z; D. Alfonso Comesaña Cabezas, con DNI 35.988.152-Y; D. Eduardo Casalderrey Sanmartín, con DNI 36.009.675-R; D. Manuel Conde Cabaleiro, con DNI 36.014.311-Z; D. Jesús Sayar Vila, con DNI 36.000.727-T; D. Manuel Villar Domínguez, con DNI 36.010.951-N; D. Xosé Antón Guisande Oleiro, con DNI 35.999.230-K; D. Manuel Oliveira Quintas, con DNI 36.002.214-S; D. Andrés Avelino Pardellas Avión, con DNI 76.855.321-Q; D. Benjamín Guisande Carrera, con DNI 35.991.804-Z e D^a Teresa González Carrasco, con DNI 35.992.474-G solicitando todos eles o incentivo á xubilación anticipada que se contempla no art. 33 do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, as cales estiveron pendentes de adopción de acordo de interpretación da CIVE, ante as dúbidas plantexadas na súa aplicación.

Non obstante, diversos interesados optaron pola vía xudicial para efectuar a súa reclamación, sendo todas, as sentenzas tanto da xurisdicción contencioso-administrativa como da social, estimatorias, declarando o dereito a percepción de dita indemnización.

A vista dos anteriores feitos, así como para evitar procesos xudiciais innecesarios, dado que tódalas sentenzas foron favorables aos reclamantes, con datas en datas 17 e 21 de decembro de 2015, reúnese a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador, ao obxecto de clarear as dúbidas interpretativas e poder dar solución as solicitudes pendentes, acordándose en ditas reunións o mantemento do artigo 33 así como fixar un criterio de cómputo de aplicación de proporcionalidade. A tal efecto, incorpórase copia de dita acta ao presente expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

- Lei 27/201, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.*
- Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social.*
- Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo (art. 33).*
- Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.*

CONCLUSION.-

Procede o outorgamento do incentivo á xubilación anticipada ao seguintes solicitantes, xa xubilados polas contías que en cada caso se especifican:

Nº de Persoal	APELIDOS E NOME	IDADE XUBILACION	IMPORTE	IRPF 15%	A PERCIBIR
11535	DOMINGUEZ RODRIGUEZ, FRANCISCO	64anos e 7 meses	2.904,88	435,73	2.469,15
12658	ESTEVEZ SEOANE, JOSE	63 anos e 3 meses	4.507,59	676,14	3.831,45
10553	COMESAÑA CABEZAS, ALFONSO	63 anos e 6 meses	4.207,08	631,06	3.576,02
14657	CASALDERREY SANMARTIN, EDUARDO	60 anos	9.015,18	1.352,28	7.662,90
16426	CONDE CABELEIRO, MANUEL	60 anos	9.015,18	1.352,28	7.662,90
14640	SAYAR VILA, JESUS	61anos e 11 meses	6.160,38	924,06	5.236,32
18433	VILLAR DOMINGUEZ, MANUEL	60 anos	9.015,18	1.352,28	7.662,90
13511	GUISANDE OLEIRO, XOSE ANTON	63 anos	4.808,10	721,22	4.086,89
9917	OLIVEIRA QUINTAS, MANUEL	64 anos	3.606,07	540,91	3.065,16
9722	PARDELLAS AVION, ANDRES AVELINO	63 anos	4.808,10	721,22	4.086,89
13190	GUISANDE CARRERA, BENJAMÍN	63 anos e 9 meses	3.906,57	585,99	3.320,58
6971	GONZALEZ CARRASCO, TERESA	63 anos e 9 meses	3.906,57	585,99	3.320,58

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO:

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 22101610400 "Reserva para xubilación anticipada" por importe de 65.860,88 €, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Estimar ás solicitudes de incentivo á xubilación anticipada e acceder ao outorgamento con cargo a partida 22101610400, os seguintes solicitantes, antigos traballadores municipais polas contías que en cada caso se especifican e que suman un total de 65.860,88 €:

Nº de Persoal	APELIDOS E NOME	IDADE XUBILACION	IMPORTE	15%	A PERCIBIR
11535	DOMINGUEZ RODRIGUEZ, FRANCISCO	64anos e 7 meses	2.904,88	435,73	2.469,15
12658	ESTEVEZ SEOANE, JOSE	63 anos e 3 meses	4.507,59	676,14	3.831,45
10553	COMESAÑA CABEZAS, ALFONSO	63 anos e 6 meses	4.207,08	631,06	3.576,02
14657	CASALDERREY SANMARTIN,	60 anos	9.015,18	1.352,28	7.662,90

	EDUARDO				
16426	CONDE CABELEIRO, MANUEL	60 anos	9.015,18	1.352,28	7.662,90
14640	SAYAR VILA, JESUS	61anos e 11 meses	6.160,38	924,06	5.236,32
18433	VILLAR DOMINGUEZ, MANUEL	60 anos	9.015,18	1.352,28	7.662,90
13511	GUISANDE OLEIRO, XOSE ANTON	63 anos	4.808,10	721,22	4.086,89
9917	OLIVEIRA QUINTAS, MANUEL	64 anos	3.606,07	540,91	3.065,16
9722	PARDELLAS AVION, ANDRES AVELINO	63 anos	4.808,10	721,22	4.086,89
13190	GUISANDE CARRERA, BENJAMÍN	63 anos e 9 meses	3.906,57	585,99	3.320,58
6971	GONZALEZ CARRASCO, TERESA	63 anos e 9 meses	3.906,57	585,99	3.320,58

Segundo.- A contía a percibir, unha vez descontado o IRPF, por cada un deles deberá facerse efectiva nas contas que se especifican, indicando en concepto: incentivo a xubilación:

APELIDOS E NOME	DNI	Nº CONTA	CONTÍA
DOMINGUEZ RODRIGUEZ, FRANCISCO	35980321-H	ES1601826626300210009976	2.469,15
ESTEVEZ SEOANE, JOSE	06962275-Z	ES6320805085703000111210	3.831,45
COMESAÑA CABEZAS, ALFONSO	35988152-Y	ES5820805000633002948972	3.576,02
CASALDEREREY SANMARTIN, EDUARDO	36009675-R	ES4301821795490201528451	7.662,90
CONDE CABELEIRO, MANUEL	36014311-Z	ES5420805090173000060757	7.662,90
SAYAR VILA, JESUS	36000727-T	ES1820805020023000728150	5.236,32
VILLAR DOMINGUEZ, MANUEL	36010951-N	ES9600491043582910086830	7.662,90
GUISANDE OLEIRO, XOSE ANTON	35999230-K	ES7201820632140200649998	4.086,89
OLIVEIRA QUINTAS, MANUEL	36002214-S	ES5220805020023000408796	3.065,16
PARDELLAS AVION, ANDRES AVELINO	76855321-Q	ES8220800094070000100349	4.086,89
GUISANDE CARRERA, BENJAMÓN	35991840-Z	ES4900758964210702312006	3.320,58
GONZALEZ CARRASCO, TERESA	35992474-G	ES3920805000613002075636	3.320,58

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(644).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2016. EXPTE: 27694/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/06/16, dáse conta do informe-proposta do 14/03/16, da técnica de Avaliación e Formación, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"En informe da Intervencion Xeral de data 03/03/2016, no apartado terceiro das suas conclusións indicase:

"Da análise da documentación comprobouse a existencia dunha relación do persoal do servizo con indicación dos días traballados e importes, conxuntamente coa proposta do servizo de Recursos Humanos recoñecendo as obrigas, introducindo dito servizo unha nova redacción expositiva dos condicionantes que causan o incentivo proposto en canto ao desempeño das funcións do posto en situacións tóxicas, perigosas e demais, sen que siga existindo pronunciamento expreso en canto á natureza conceptual, permanencia e estabilidade no tempo da retribución variable en vía de adxudicación."

A técnica que suscribe entende que o complemento de produtividade por toxicidade proposto, debe considerarse de indole funcional e a súa percepción depende única e exclusivamente do exercicio da actividade profesional concreta, na que se inclúen os postos de cpataz de desinfeccion e oficiais desinfectores amais de oficiais condutores e axudantes de oficios que poian participar no desenvolvemento das tarefas de desinfeccion, desratizacion e desinsectacion, retribuindo as situacións particualres en canto a penosidade e toxicidade do persoal que prestan servizos nas brigadas de pavimentacion.

Polo tanto non considerase un factor a incluír na determinacion do importe do complemento específico a asignar aos postos de traballo, xa que, como se indicou anteriormente, aboarase única e exclusivamente cando se den as circunstancias especialmente tóxicas e penosas, unha vez adoptadas todas as medidas posibles en canto a prevención de riscos.

En consecuencia e toda vez que a directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relacións do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de Xaneiro-2016, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento– entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria

Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que "aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 123,43 €/mes. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto".

No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de Xaneiro de 2016.

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polo persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Produtividade”, por importe de 363,80 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo

orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

N.P.	Apelidos e Nome	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	58,47 €
22790	Sousa Atrio, José Manuel	123,43 €
81369	Seijas Fernández, Alberto	103,94 €
82221	Fernández Álvarez, Armando	77,96 €
IMPORTE TOTAL...		363,80 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(645).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO LIXEIRO SEN SER OFICIAL CONDUTOR, DO PERSOAL DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DE 2015 E 1º TRIMESTRE DE 2016. EXPTE: 28214/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/06/16, dáse conta do informe-proposta do 06/06/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“Recíbese na Área de Recursos Humanos e Formación, debidamente asinado polo Xefe do servizo e polo Concelleiro/a delegado/a correspondente, informe do servizo de Parques e Xardín, que contén relación do persoal que ten dereito a percibir o complemento de productividade por conducción de vehículo municipal sin sen oficiais conductores, correspondentes ao 4º trimestre-2015 e 1º trimestre-2016.

O complemento de productividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) publicado no BOE nº 261, do sábado día 31 de outubro do 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Real Decreto Legislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao

servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de de 3'38 €/mes. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Dacordo coa actualización das retribucións dos empregados publicos contidas na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, as cantidades a percibir no ano 2016, actualizadas co 1% de incremento será de 3,41 €.

Da análise da documentación comprobouse a existencia de relacións do persoal do distintos servizo proposto para o aboamento do complemento de produtividade, con indicación individualizada dos días traballados e importes según o estipulado na instrucción precitada así como o vehículo utilizado, número de flota. Así mesmo as xefatura de servizo informa dos traballos desenvolvidos utilizando os vehículos referenciados en ditos informes no 4º trimestre do ano 2015 e 1º trimestre do ano 2016. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de ditos vehículos polos efectivos municipais asignados á unidade, con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a "Actualización das instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instruccións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na vixente lexislación.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

"Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de vehículo lixeiro sin ser oficiais condutores, fundamentada no informe emitido pola xefatura

do servizo de Parques e Xardíns, obrante no expediente administrativo, acreditativa e motivadora da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, correspondentes ao 4º trimestre-2015 e 1º trimestre-2016, polas cantidades que figuran nas relacións contidas no presente expediente, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade", por importe total de 3.511,82 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina".

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(646).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA CONCELLERÍA-DELEGADA DE XESTIÓN MUNICIPAL (MAIO-XUÑO 2016). EXPTE. 28332/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da área de Recursos e Formacións, do 28.06.16, e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

ÚNICO.- Durante os meses de maio e xuño foron dictadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal as resolucións que se indican, no exercicio das competencias que en materia de recursos humanos ostenta o dito órgano segundo o réxime de delegación competencial establecido para o período 2015-2019 (Decreto Excm. Alcaldía de 19/06/2015 e acordo XGL de mesma data, coas actualizacións correspondentes).

En consecuencia, e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, e en cumprimento do establecido nos actos administrativos de delegación citados en re-

lación á dación de conta do exercicio das competencias delegadas, así como no previsto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, pola presente propónse:

“ÚNICO.- Tomar razón das resolucións dictadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal no exercicio das competencias atribuídas en materia de recursos humanos, segundo o réxime de delegación competencial establecido para o período 2015-2019, durante os meses de maio e xuño de 2016, concretadas na relación seguinte:

- Decreto de data 24/05/2016 (expediente administrativo nº 28119-220): autorización de permiso non retribuído entre 01 e 31 de xullo de 2016, do funcionario D. Jesús Marco González Castillo.
- Decreto de data 24/05/2016 (expediente administrativo nº 28013-220): autorización de horas extras ao persoal do servizo de Montes, Parques e Xardíns para o mes de maio de 2016.
- Decreto de data 24/05/2016 (expediente administrativo nº 28017-220): autorización de horas extras ao persoal do servizo de Desinfección par os meses de abril, maio e xuño de 2016.
- Decreto de data 24/05/2016 (expediente administrativo nº 27920-220): autorización de horas extras ao persoal do servizo de Conserxería para os meses de maio e xuño de 2016.
- Decreto de data 26/05/2016 (expediente administrativo nº 28185-220): renuncia presentada por D. Pablo Díaz Alvarez do seu nomeamento interino por acumulación de tarefas como vixilante de instalacións municipais con data de efectos de 24/05/2016.
- Decreto de data 27/05/2016 (expediente administrativo nº 27468-220): abono diferencias de gratificación por exceso de xornada a D. José Eugenio Matilde Viñas, como execución de sentenza núm. 379/13, do Xulgado do Social núm. 3 de Vigo (procedemento 832/2012 en materia de clasificación profesional).
- Decreto de data 27/05/2016 (expediente administrativo nº 28073-220): execución de sentenza do Xulgado do Social núm. 1 de Vigo, no procedemento 301/205 en materia de clasificación profesional e reclamación de cantidades.
- Decreto de data 27/05/2016 (expediente administrativo nº 28150-220): autorización de permiso non retribuído entre as datas 31/05 e 14/06/2016, da funcionaria Dna. Eleazar Benita Fernández Fernández.
- Decreto de data 31/05/2016 (expediente administrativo nº 28114-220): autorización de horas extra ao persoal do servizo do Taller de Vías e Obras para os meses de xullo, agosto e setembro de 2016.
- Decreto de data 01/06/2016 (expediente administrativo nº 27975-220): encomenda provisional e transitoria á funcionaria Dna. Benilde Bilbao Echegaray.
- Decreto de data 01/06/2016 (expediente administrativo nº 28160-220): autorización de realización de 355 xornadas de reforzos por efectivos do Corpo da Policía Local para o mes de xuño 2016.
- Decreto de data 03/06/2016 (expediente administrativo nº 28190-220): autorización de permiso non retribuído entre as datas 04 e 18 de agosto, á funcionaria Dna. Carmen María Sanz Alonso.
- Decreto de data 09/06/2016 (expediente administrativo nº 28215-220): autorización de horas extra ao persoal do servizo de Montes, Parques e Xardíns para o mes de xuño 2016.
- Decreto de data 09/06/2016 (expediente administrativo nº 28169-220): autorización de horas extra ao persoal do servizo de Seguridade e Mobilidade para os meses de xullo, agosto e setembro de 2016.

- Decreto de data 13/06/2016 (expediente administrativo nº 28202-220): recoñecemento de consolidación de grao persoal de Dna. M^a José López Formoso.
- Decreto de data 15/06/2016 (expediente administrativo nº 28158-220): deixar sen efecto o apartado segundo da resolución de 23/05/2016 sobre reasignación do funcionario D. Eugenio Costas Riveiro.
- Decreto de data 20/06/2016 (expediente administrativo nº 4675-336): encomenda de funcións do funcionario D. José Antonio Franco Reza.
- Decreto de data 22/06/2016 (expediente administrativo nº 28302-220): renuncia presentada polo técnico de admón. especial (enxeñeiro de camiños, canais e portos) adscrito á Área de Fomento.
- Decreto de data 27/06/2016 (expediente administrativo nº 28229-220): autorización de permiso non retribuído do 1 ao 31 de agosto de 2016 á funcionaria Dna. Margarita Núñez Cuíñas.
- Decreto de data 27/06/2016 (expediente administrativo nº 28219-220): reasignación como consecuencia da adaptación de posto de traballo á funcionaria Dna. M^a José López González, ao servizo de Patrimonio.
- Decreto de data 27/06/2016 (expediente administrativo nº 28225-220): execución de parte pendente do Auto do Xulgado do Social nº 1 dictado no procedemento 302/2013 e do Auto do Xulgado do Social nº 4 no procedemento 314/2013 (Dna. Begoña Buján Otero e Dna. Verónica Costas Rodríguez, respectivamente).

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(647).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, PARA A ORGANIZACIÓN DO “PROGRAMA PRIMAVERA 2016”. EXPTE. 15361/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/06/16 e o informe de fiscalización do 23/06/16, dáse conta do informe-proposta do 17/06/16, do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data 13 de xuño de 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura D. Cayetano Rodríguez Escudero resolveu que polo servizo de Cultura se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430 para a organización e realización do “Programa primavera 2016”, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 foi creada o ano 2005, co a premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

Na actualidade a seu elenco vai dende os músicos 4 compoñentes da orquestra de cámara para abordar o repertorio barroco, ata os 60 que compón a formación sinfónica, segundo o repertorio a interpretar. A orquestra ten como director artístico a Javier Escobar.

O seu funcionamento e organización baséase no sistema de encontros puntuais periódicos, executando cada proxecto de xeito individualizado; conquerindo un maior enfoque no programa ademais de permitir a incorporación puntual ao proxecto de músicos invitados procedentes doutros ámbitos adecuados ao mesmo; e con elo reducir os altos custos de mantemento dunha orquestra de carácter estable.

Conforme a documentación aportada pola entidade da súa traxectoria artística abrangue a execución de diversos concertos nas tempadas 2010 ao 2015 no auditorio do Concello de Vigo, Circulo das Artes de Lugo, auditorio Martín Códax de Vigo e Auditorio Mar de Vigo, así como a execución de varios proxectos discográficos e gravacións xunto cos gañadores das tres últimas edicións do concurso de piano Ría de Vigo.

A Asociación Orquestra Vigo 430 está inscrita no rexistro municipal de asociacións co número 1169/12.

“Programa primavera 2016”:

Concerto 1: ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430

Domingo, 31 de xaneiro – 12:00

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

BORODÍN, GLAZUNOV, TCHAIKOVSKY

Concertos 2 : ORQUESTRA XOVE VIGO 430

Domingo, 21 de febreiro – 12:00

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

SMETANA, PÁRT, DOÍNGUEZ, BUSTO, REGNER, RIVAS, ZUMALAVE, MAKAROF, WHITACRE.

Concerto 3: ORQUESTRA BARROCA VIGO 430

Luns, 29 de febreiro – 20:30

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

VIVALDI

Concerto 4: ENSEMBLE VIGO 430

Domingo, 13 marzo – 12:00

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

Concerto 5: ENSEMBLE VIGO 430 + DAVID FONS (Viola)

Domingo, 10 de abril 12:00

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

MOZART, BETOVEEN, SCHUMANN

Concerto 6: ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430

Venres, 22 de abril – 20:30

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

EIRAS, BEETHOVEN

Concerto 7: ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430
Mércores 15 de xuño – 20:30
Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.
TELEMANN, MOZART, SCHUBERT

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de **84.419,58 €** (oitenta e catro mil catrocentos dezanove euros con 58 céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 70.000 € do Concello de Vigo (82,92%), de 14.219,58€ (16,84 %) cotas asociados e usuarios e 200 € (0,24%) de cotas asociados Xove 430.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Xustificante de solicitude de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Certificación da axencia tributaria da exención do IVE
- Declaración doutras axudas.
- Cronograma actualizado.
- Escrito de data 16 de xuño de 2016 remitido por Asociación Orquestra Vigo 430 de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á “Programa primavera 2016” proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A acción pública de fomento no ámbito da cultura para actividades de interese público e como medida para favorecer a participación cidadá, adicada no presente caso á promoción das artes escénicas musicais promovidas pola entidade Asociación Cultural Orquestra Vigo 430 se encadra dentro das competencias municipais propias que por razón de materia ven determinada no art. 7 e 25.m da LRBRL, conforme nova redacción dada pola Lei 5/2014, de 17 de maio, de medidas urxentes, en aplicación da Lei 27/2013 LRSAL.

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430, para a organización do programa “Programa primavera 2016”, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a Asociación Orquestra Vigo 430 deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2016, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430 ten como obxecto financiar a organización do “Programa primavera 2016” e figura na partida 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 70.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 70.000€ (setenta mil euros) á Asociación Orquestra Vigo 430, NIF: G27743475, para o financiamento do “Programa primavera 2016”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con

cargo á partida 3340.489.00.08 "CONVENIO ORQUESTRA 430", que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Asociación Orquestra Vigo 430 que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa "Programa primavera 2016".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN
ORQUESTRA VIGO 430, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A
ORGANIZACIÓN DO "PROGRAMA PRIMAVERA 2016"

En Vigo, ___ de ___ de dous mil dezaseis

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, o D. Francisco Javier Escobar Vidal, presidente da ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 (CIF: G27743475), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Avda. de Fragoso, 31 - 9º B CP.36210 da cidade de Vigo, en adiante a ASOCIACIÓN.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.-

Que a Concellería considera de interese social e cultural o "Programa primavera 2016", toda vez que este complementa á programación cultural propia do mesmo e contribúe a dotar a cidade dunha programación sinfónica estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2016, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.489.00.08 "CONVENIO ORQUESTRA 430", a concesión dunha

subvención nominativa por importe de 70.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL do ___ de ___ de 2016.

TERCEIRO.- A ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia e Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo e tal e como establecen os seus estatutos ten como fins sociais “ a promoción da música, e especialmente a música orquestral, a formación práctica do oficio orquestral e a realización e divulgación de actividades musicais”.

CUARTO.- Que a ASOCIACIÓN ven desenvolvendo un labor de continuidade no campo da promoción e difusión da música en xeral, promovendo o evento “Programa primavera 2016” e, que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

QUINTO.- Que a ASOCIACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incusa nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Así mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do do devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a ASOCIACIÓN e a Concellería para desenvolver o programa de actividades do “Programa primavera 2016”, que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 84.419,58 € (oitenta e catro mil catrocentos dezanove euros con 58 céntimos), financiándose os mesmos

mediante as achegas de 70.000 € do Concello de Vigo (82,92%), de 14.219,58€ (16,84 %) cotas asociados e usuarios e 200 € (0,24%) de cotas asociados Xove 430.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

Lugares: AUDITORIO MAR DE VIGO

“Programa primavera 2016”:

Concerto 1: ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430

Domingo, 31 de xaneiro – 12:00

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

BORODÍN, GLAZUNOV, TCHAIKOVSKY

Concertos 2 : ORQUESTRA XOVE VIGO 430

Domingo, 21 de febreiro – 12:00

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

SMETANA, PÄRT, DOÍNGUEZ, BUSTO, REGNER, RIVAS, ZUMALAVE, MAKAROF, WHITACRE.

Concerto 3: ORQUESTRA BARROCA VIGO 430

Luns, 29 de febreiro – 20:30

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

VIVALDI

Concerto 4: ENSEMBLE VIGO 430

Domingo, 13 marzo – 12:00

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

Concerto 5: ENSEMBLE VIGO 430 + DAVID FONS (Viola)

Domingo, 10 de abril 12:00

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

MOZART, BETOVEEN, SCHUMANN

Concerto 6: ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430

Venres, 22 de abril – 20:30

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

EIRAS, BEETHOVEN

Concerto 7: ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430

Mércores 15 de xuño – 20:30

Vestíbulo principal do auditorio Mar de Vigo.

TELEMANN, MOZART, SCHUBERT

CUARTA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

1. *Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, baixo as ordenes de D.^a Ana M^a Novoa Diéguezque actuará como interlocutora fronte á Concellería.*

A tal fin a ASOCIACIÓN designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

2. *Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*

3. *Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).*

4. *Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*

5. *Incorporar os anagramas-logotipos do Concello na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención ASOCIACIÓN da subvención obxecto deste convenio.*

6. *Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.*

7. *A ASOCIACIÓN comunicará ao Concello as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.*

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. *A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

1. *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*

2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas polo servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o servizo de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada e acordada coa Concellería.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se ASOCIACIÓN para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a ASOCIACIÓN ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello xestionará o pagamento a ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada polo presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, antes do 30 de novembro de 2016.*
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*

- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
- *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
- *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
- *Memoria de ASOCIACIÓN.*
- *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
- *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance desglosado ca totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acreedores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados mediante facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa).*
- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
- *Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, -agás que xustifique que ASOCIACIÓN exenta de IVE.*

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o

importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraránse gastos subvencionables, os realizados no período da programación que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os costes indirectos imputables á actividade, os costes de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable. En ningún caso os costes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se subvencionarán gastos financeiros por riba do 1% do orzamento do programa o cal deberá ser aplicado polo centro xestor na análise da conta xustificativa.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola a ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería.

Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezo e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento ASOCIACIÓN das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN:

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, del tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2016, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes factulará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do CONCELLO, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área de Cultura

O presidente da Asociación Orquestra
Vigo 430

Cayetano Rodríguez Escudero

Fancisco Javier Escobar Vidal

ANEXO Iº

ORZAMENTO DO "PROGRAMA PRIMAVERA 2016

Previsión de ingresos		%
Concello de Vigo	70.000,00 €	82,92%
Cotas de asociados e usuarios	14.219,58 €	16,84%
Cotas de asociados e usuarios Xove 430	200,00 €	0,24%
TOTAL	84.419,58 €	100,00%

Previsión de gastos	
Gastos persoal	32.914,03 €
Arendamentos e cánones	3.805,43 €
Servizos profesionais	18.261,88 €
Servizos bancarios	200,00 €
Publicidade	1.100,00 €
Outros servizos	27.438,24 €
Gastos financeiros	700,00 €
TOTAL	84.419,58 €

15(648).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO TIPO A ASINAR COAS ENTIDADES DE DEPÓSITO EN MATERIA DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA. EXPTE. 16756/541.

Dáse conta do informe-proposta do 23/06/16, do tesoureiro, conformado polo interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 15 de abril de 2016, aprobou o expediente de contratación de servizos de colaboración integral na xestión recadatoria do Concello de Vigo, mediante sistemas de cobro: presencial, autoservizo e telemático, así como a prestación de servizos bancarios de pagos, e apertura dunha oficina institucional. expte. 16026/541.

O punto TERCEIRO da proposta e do acordo, tiña como obxectivo a aprobación do convenio a asinar coas entidades colaboradoras

TERCEIRO.- Aprobar o modelo tipo de convenio a asinar coas entidades colaboradoras que acepten a condición na oferta que presenten.

Procedemento de licitación

No procedemento licitatorio, presentaron ofertas as seguintes entidades de depósito:

- BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.
- BANCO PASTOR, SAU.
- BANCO SANTANDER, S.A.
- ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA.
- BANCO DE SABADELL, SA

A Mesa de Contratación, en reunión celebrada o día 14 de xuño de 2016, unha vez aperturado o sobre de documentación administrativa, admitiu a documentación das entidades financeiras presentadas.

ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA, foi a única entidade que se polo que se propuxo clasificar en primeiro lugar a oferta da entidade de crédito ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA como entidade xestora .

Aceptar a condición de entidades colaboradoras unha vez que se asine o convenio aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de abril de 2016, ás entidades financeiras seguintes:

- BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.
- BANCO PASTOR, SAU.
- BANCO SANTANDER, S.A.
- BANCO DE SABADELL, SA

Ausencia de entidades colaboradoras

Hai entidades financeiras que dispoñen dun gran número de oficinas na cidade e que non presentaron oferta nin como entidade xestora nin como colaboradora, o cal supón unha merma nas posibilidades de pago aos contribuíntes, xa que dispoñen de menos puntos de pago dos seus tributos o cal pode xerar un prexuízo, tanto para os contribuíntes como para eficiencia na xestión recadatoria.

En consecuencia, é aconsellable incorporar ao convenio dúas cláusulas que possibiliten a adhesión ao convenio das entidades financeiras que o soliciten, sempre e cando dispoñan dunha rede importante de oficinas na cidade.

Tamén é necesario flexibilizar o prazo de vixencia do compromiso de entidade colaboradora para as novas entidades que o soliciten, de tal xeito que a condición de entidade colaboradora sexa por un ano, prorrogable tacitamente ano a ano ata o límite do contrato da entidade xestora, sempre e cando non haxa denuncia expresa por calquera unha das partes asinantes do convenio cunha antelación mínima de 5 meses ao de remate do prazo.

Proposta

En consecuencia co anterior, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Incorporar ao convenio tipo de entidade colaboradora aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 15 de abril de 2016, as seguintes cláusulas:

UNDÉCIMA.- As entidades que soliciten a súa adhesión ao convenio por non terse presentado ao procedemento de contratación regulado no expediente 16026/541 nin como xestoras nin como colaboradoras, o prazo da colaboración será por un ano, prorrogable

tacitamente ano a ano ata o límite do contrato coa entidade xestora, sempre e cando non haxa denuncia expresa por calquera unha das partes asinantes do convenio cunha antelación mínima de 5 meses ao remate do prazo.

DUODÉCIMA.- As entidades financeiras que desexen adherirse ao convenio como entidade colaboradora, solicitarán por escrito a súa adhesión, amosando a súa conformidade e aceptación do texto do convenio. Na súa solicitude farán constar o número de oficinas operativas que teñen no termo municipal de Vigo e o número de caixeiros automáticos de última xeración.

A Tesourería á vista da solicitude, formulará proposta de adhesión ao Sr. Concelleiro Delegado de Facenda e Orzamentos sobre a procedencia ou non de asinar o convenio, sempre tendo en conta o número de oficinas e caixeiros automáticos no ámbito territorial.

SEGUNDO.- Modificar a autoridade/es asinantes do convenio.

COMPARECEN

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vigo, e da outra.

Debe dicir, Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vigo ou Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, e da outra.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(649).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

Me/rs

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.